



BASES DAS ACTIVIDADES MULTIDEPORTE VERÁN 2020

1. **ACTIVIDADES MULTIDEPORTE VERÁN 2020** é unha proposta do Concello de Pontecesures que pretende reactivar as actividades físico-deportivas na poboación escolar/infantil de Pontecesures, logo do parón obrigado pola crise do COVID-19. Ao mesmo tempo tamén é unha medida máis para permitir ás familias compaxinar a vida familiar e laboral.

2. **MULTIDEPORTE VERÁN 2020** vai dirixido a nenas e nenos con idades comprendidas entre 9 e 14 anos (nad@s entre os **anos 2006 e 2011**).

3. O **SERVIZO** desenvolverase entre o **3 e o 14 de agosto de 2020 (2 semanas de luns a venres)** no Pavillón Polideportivo Municipal e no Campo de Fútbol Municipal Ramón Diéguez.

4. **PODERÁN UTILIZAR O SERVIZO** as nenas e nenos empadroados ou non no Concello de Pontecesures. As prazas ocuparanse por rigoroso orden de inscrición. **TERÁN PREFERENCIA PARA UTILIZAR O SERVIZO** as unidades familiares con nenos e nenas empadroados no Concello de Pontecesures.

En caso de quedar prazas vacantes, poderán participar nenos e nenas doutros concellos.

5. O **HORARIO DO SERVIZO** será de 10:00 a 14:00 horas.

6. O **NÚMERO DE PRAZAS** que se oferta é de 40 prazas que serán divididas en 2 grupos de 20 por rangos de idade.

7. **FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE.**

A petición de admisión no servizo realizarase cubrindo a **ficha de inscrición e declaración responsable**. Unha vez cumprimentadas, achegaranse ás oficinas do Concello de Pontecesures sito na Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 55 71 25 en horario de 09:00 a 14:00h.

8. **PRAZO DE INSCRICIÓN.** Ata o **venres 24 de xullo**.